

INSTRUCCIÓN PARA ACTIVAR A IMAXINACIÓN

En primeiro lugar, busca o teu cerebro entre as orellas. Despois, se está alí, aviva o pensamento, pero sen que bote fume.

En segundo lugar, cerra os ollos e deixa fluír as ideas. Coidado con deixalas discorrer moi lonxe, porque poden fuxir da cabeza e non volver nunca máis.

A continuación, agarra unha con forza e non a deixes escapar. Por certo, se ves que tal, colle outra; por se a primeira falla.

Por último, abre os ollos e esprime esa idea ata que tome sentido e voe libremente... Bravo! Se chegaches ata aquí é sinal de que a túa imaxinación é extraordinaria e serás quen de poder repetir o proceso moitas veces.

Alumnado de FP_Básica 1º Servizos Administrativos